

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 26 DE OUTUBRO DE 2017

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e seis de outubro de dous mil dezasete, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa-presidenta D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D. Francisco Javier Santos Maseda (voceiro)
D.^a María Begoña Calviño Dorado
D. José Ramón Lorenzo Carou
D.^a Patricia María Vázquez Figueroa

Grupo municipal SON de Bergondo-Anova

D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)
D. Eloy Babío Veiga

Grupo municipal de Veciños de Bergondo (VB)

D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo (voceira)
D.^a Alicia María Souto Ramos

Grupo municipal do Partido Popular (PP)

D. José Angel Vieiro Amor
D. Yago Lage Caramelo (voceiro)

Concelleira non adscrita

D.^a Antonia María Sanjurjo Seijas

Excusa a súa asistencia:

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (VB)

Foron asistidos pola interventora municipal, D.^a Laura Gutiérrez Ortiz, e pola secretaria xeral, D.^a Ana M.^a Cacharrón Castelos.

ORDE DO DÍA:

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2017.
2. MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS. ACORDOS QUE PROCEDAN.
3. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN 2ª DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE BERGONDO. ACORDOS QUE PROCEDAN.
4. ADAPTACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL Á NOVA LEI 2/2016, DE 10 DE FEBREIRO, DO SOLO DE GALICIA E O SEU REGULAMENTO. ACORDOS QUE PROCEDAN.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

5. MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS SOCIALISTA, ANOVA, VECIÑOS DE BERGONDO E CONCELLEIRA NON ADSCRITA, EN RELACIÓN ÁS PENSIÓNS. ACORDOS QUE PROCEDAN.
6. MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS SOCIALISTA, ANOVA E VECIÑOS DE BERGONDO, PARA IMPULSAR POLÍTICAS DE BENESTAR ANIMAL E CONVIVENCIA. ACORDOS QUE PROCEDAN.
7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, PARA APOIAR E RESPALDAR ÁS FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE DO ESTADO COMO GARANTES DO ESTADO DE DEREITO. ACORDOS QUE PROCEDAN.
- 8 .DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.
9. ASUNTOS URXENTES.
10. ROGOS E PREGUNTAS.

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2017.

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 28 de setembro, través de documento remitido por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa preguntalles aos/as concelleiros/as se teñen algunha observación que formular a dita acta.

Non formulándose observacións, posta a aprobación a actas da sesión ordinaria do día vinte e oito (28) de setembro de 2017, por unanimidade de votos a favor (doce), apróbase a referida acta.

2. MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por unanimidade, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 19 de outubro de 2017, que transcrita literalmente di:

"Unha vez que foi vista a necesidade de incluír nesta ordenanza a tarifa por certificacións expedidas desde o Concello polo Punto de Información Catastral, nos termos que establece nos seus artigos 15 e seguintes o Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, así como a Resolución de 24 de novembro de 2008, da Dirección Xeral do Catastro pola que se aproba o réxime de funcionamento da Oficina virtual do Catastro e dos Puntos de Información Catastral e tras ve-lo informe da interventora municipal e en consonancia coa documentación que integra o expediente, propónse ó Pleno da corporación que despois do exame do mesmo adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar provisionalmente có quórum da maioría simple legal, a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos, cuxo texto modificado queda como segue:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 71985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19, e 20.4 a) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), este Concello establece a "Taxa por expedición de documentos administrativos" que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, da que as súas normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado TRLRFL.

Artigo 2º.- Feito Impoñible

Constitúe o feito imoñible da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as autoridades municipais.

A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fose provocada polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediase solicitude expresa do interesado.

Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes que estean gravados por outra taxa municipal ou polo que se esixa un prezo público por este Concello, nin tampouco os expedientes de devolución de ingresos indebidos.

Artigo 3º.- Suxeito Pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que soliciten, provoquen ou que no seu interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4º.- Responsables

Responderán solidaria e subsidiariamente de este tributo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41, 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Exencións

De conformidade co disposto no artigo 9.1 do TRLRFL, non se recoñecen outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación do tratados internacionais.

Artigo 6º.- Cota Tributaria

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expediente a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

A cota de tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, desde a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.

Artigo 7º.- Tarifa

A Tarifa á que se refire o artigo anterior estrutúrase do seguinte xeito:

Certificacións de documentos de acordos municipais do ano en curso	14,00 euros
Certificacións de documentos de acordos municipais de anos anteriores	21,00 euros
Informes de convivencia e outros	8,00 euros
Certificacións e informes de padróns fiscais.	8,00 euros
Por cada certificación catastral literal expedida polo Punto de Información Catastral, agás as certificacións negativas que non devengarán taxa algunha.	8,00 euros
Por cada certificación catastral descritiva e gráfica expedida polo Punto de Información Catastral	14,00 euros
Resto de certificacións, agás as relativas a Padrón	14,00 euros
Bastanteo de poderes	14,00 euros
Certificacións emitidas por técnicos municipais non reguladas noutras ordenanzas	21,00 euros
Copia da cartografía en soporte de papel	4,00 euros
Copia da cartografía en soporte informático	8,00 euros
Contratos administrativos: en toda clase de contratos administrativos, xa sexan obras pública, servizo público, subministro e demais contratos nominados ou innominados en xeral, e calquera que sexa a forma de adxudicación e atendendo ás diversas fases do expediente administrativo, aplicaranse as seguintes tarifas:	
Contratos administrativos: Formalización, cada folio	4,00 euros

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

Ademais da cota resultante do número anterior, por contía do contrato que ven determinada polo orzamento de adxudicación aplicarase a modalidade de alicota por escalóns:	
Polo exceso entre 50.000,01 euros (sen IVE) ata 200.000,00 euros (sen IVE)	36,00 euros
Polo que excede de 200.000,00 euros (sen IVE)	48,00 euros
Dereitos de exame.	
Para acceso, como funcionario de carreira, ó grupo de titulación A1, ou como laboral fixo ó nivel 1	33,00 euros
Para acceso, como funcionario de carreira, ó grupo de titulación A2, ou como laboral fixo ó nivel 2	27,00 euros
Para acceso, como funcionario de carreira, ó grupo de titulación C1, ou como laboral fixo a niveis equivalentes	21,00 euros
Para acceso, como funcionario de carreira, ó grupo de titulación C2, ou como laboral fixo a niveis equivalentes	14,00 euros
Para acceso, como funcionario de carreira, ó grupo de titulación AP, ou como laboral fixo a niveis equivalentes	8,00 euros
Por razón de empadramento ou cambios no mesmo:	
Sempre e cando se realizase para un mesmo suxeito máis dun cambio nos últimos doce meses	17,00 euros

Artigo 8º.-Bonificación da Cota

Ás cotas tributarias indicadas no artigo anterior aplicaráselles unha redución do 50%, no caso de que os contribuíntes, persoas físicas que teñan escasez de recursos económicos ou persoas xurídicas sen ánimo de lucro ou con fins sociais ou benéficos, sempre que así o acredite un informe dos Servizos Sociais do Concello e previa solicitude individualizada en cada caso.

Artigo 9º.- Devengo

Devengarase a Taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicia a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó Tributo.

Nos casos a que se refire o parágrafo 2 do artigo 2º, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provean a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

Artigo 10º.- Declaración e Ingreso

A Taxa poderá esixirse en réxime de autoliquidación, debendo presentarse o acreditativo de pago da taxa xunto coa solicitude, ou escrito presentado. Non realizándose trámite algún, sen o pago da mesma.

As certificacións ou documentos que expida a Administración Municipal en virtude de oficio de Xulgados ou Tribunais para toda clase de preitos, non se entregarán nin remitirán sen que previamente se satisfaga a correspondente cota tributaria.

Artigo 11º.- Infraccións e Sancións

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable que a desenvolve.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa"

2º.- Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncios no taboleiro de edictos da corporación e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días hábiles que contarán a partir do seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

3º.- As reclamacións presentadas serán resoltas pola corporación en Pleno, e de non existir, entenderase definitivamente aprobado o acordo provisional, debéndose proceder en todo caso á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, e do texto íntegro da ordenanza.

4º.- Comunicar o presente acordo á Dirección Xeral do Catastro

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

O Pleno decidirá o que estime mais conveniente.

Bergondo, 16 de outubro de 2017

A Alcaldesa. Asdo.: Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: como comentabamos, esta modificación refírese unicamente a incluír a tarifa polas certificacións que expide o concello polo Punto de Información Catastral, serían as certificacións catastrais literais e as descritivas e gráficas.

Ata o de agora non se estaba aplicando ningunha taxa, pero dado o volume de solicitudes que houbo nos últimos anos, concretamente no ano 2016 mais de catrocentas, a maior parte non de veciños deste concello, e por redundar, incluso por profesionais que se dedican a estas cuestións e que necesitan este tipo de certificacións; dado que non podemos diferenciar o que son as peticións dos veciños de quen o necesitaría dende un punto de vista profesional, e que acoden ao Concello de Bergondo porque é un dos poucos que ao día de hoxe non está cobrando pola emisión destas. Polo tanto propónse unha tarifa nalgúns casos maior e noutros menor a concellos limítrofes, pero que se xustifica no estudo de custos que acompaña á proposta de acordo.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: eu creo que xa está todo falado na Comisión informativa, efectivamente se se está aproveitando xente doutros lugares, e por enriba profesionais, do noso persoal do concello, pois polo menos que paguen o tempo que se lles dedica. O meu voto é favorable.

Sr. voceiro do PP: como xa sabedes, recollese na Resolución do vintecaturo de novembro de 2008 da Dirección Xeral do Catastro, e di que se poderá establecer algunha contraprestación económica polo servizo, aínda que na actualidade xa hai moitos trámites que se fan no PIC, e xa se poden facer de xeito gratuíto, na Sede electrónica do Catastro entendemos que é algo positivo para o concello e o noso vota vai ser favorable.

Sra. voceiro de SON de Bergondo-Anova: se estiveramos falando para unha cuestión que atinxe soamente aos veciños, un número reducido como parece que é veciños propiamente, pois probablemente estaría ben como está, pero cando o que ocorre é que parece que hai unha especie de... e perdóese a expresión porque ao mellor é incluso un pouco exaxerada, é unha especie de turismo catastral, de xente para iso..., de axencias, de xente que saca dunha soa vez un feixe de..., parece que fomentar iso non é precisamente o mellor, cando todos os concellos ou a inmensísima maioría fan todo o contrario. O voto é favorable.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSDG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) voto a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor, concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total doce (12) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

3. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN 2ª DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE BERGONDO. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por unanimidade, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 19 de outubro de 2017, que transcrita literalmente di:

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

"Visto o grao de implementación da Plataforma de tramitación electrónica da Deputación Provincial da Coruña -TEDeC- na tramitación dos distintos expedientes no Concello de Bergondo, polos distintos servizos, estase a acadar o obxectivo de tramitar a meirande parte dos procedementos no soporte esixido pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Un dos procedementos máis adiantados nesta tramitación electrónica, son os expedientes de contratación, nas súas diversas modalidades de aberto, restrinxido ou negociado.

A Lei 39/2015, no seu artigo 14.2 indica quen está obrigado a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración, entre os que están, as persoas xurídicas; entidades sen personalidade xurídica; quenes exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria; quenes representen aos anteriores suxeitos, e os empregados das administracións públicas. Engadindo o seu apartado 3, o seguinte: *"Reglamentariamente, las Administraciones podrán establecer la obligación de relacionarse con ellas a través de medios electrónicos para determinados procedimientos y para ciertos colectivos de personas físicas que por razón de su capacidad económica, técnica, dedicación profesional u otros motivos quede acreditado que tienen acceso y disponibilidad de los medios electrónicos necesarios."*

Aínda que a meirande parte das empresas que se presentan ás licitacións son persoas xurídicas, aínda quedan empresarios individuais, persoas físicas, que non estarían encadrados dentro do artigo 14.2 da Lei 39/2015, pero sí pódeseles esixir ao abeiro do disposto neste apartado 3 do artigo 14 citado, que se relacionen con esta administración a través de medios electrónicos.

Considerando que o Concello de Bergondo pode realizar notificacións electrónicas, a través da Plataforma notifica.gal da Xunta de Galicia; e que ten publicado na súa páxina web uns tutoriais sobre cómo deben completar a súa alta na plataforma Notifica.gal, tanto as persoas xurídicas (obrigadas por lei), como as persoas físicas, no caso de querer recibir notificacións electrónicas do Concello de Bergondo.

Contando o Concello de Bergondo, cunha Ordenanza municipal reguladora da Administración Electrónica Municipal, publicada no BOP núm. 227 do 28.11.2012, a a súa modificación publicada no BOP núm. 60 do 31.03.2015, considérase que en aras a adecuar os procedementos en materia de contratación plenamente á súa tramitación electrónica íntegra, debe recollese a previsión citada no seu articulado.

Tendo en conta que o artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, establece como competencia do pleno a aprobación das ordenanzas e regulamentos, pola presente propónse ao Pleno da Corporación que proceda a adoptar o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a modificación 2ª da Ordenanza Municipal reguladora da Administración Electrónica do Concello de Bergondo co contido que se transcribe como anexo deste acordo.

SEGUNDO.- Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia aos interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comezarán a contarse a partir do seguinte ao da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, entrando en vigor unha vez que transcorra o prazo de quince días o que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local.

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN 2ª DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA ADMNISTRACIÓN ELECTRONICA

Modificar o artigo 18.2 que quedaría redactado do seguinte xeito:

Artigo 18. Procedementos tramitados por vía electrónica

"(...)

2. De conformidade co disposto no artigo 14.3, en relación co 16.5, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, será obrigatorio comunicarse con esta administración municipal a través de medios electrónicos nos procedementos administrativos enumerados na Disposición Adicional I, ao considerarse que os interesados son persoas xurídicas ou colectivos de persoas físicas que teñen garantizado o acceso e dispoñibilidade a medios tecnolóxicos axeitados, en canto a administración municipal dispoña dos medios técnicos axeitados e co alcance previsto en cada procedemento.

"(...)"

Modificar o artigo 28.2 que quedaría redactado do seguinte xeito:

Artigo 28. A notificación por medios electrónicos

"(...)

2. Por excepción, de conformidade co disposto no artigo 14.2 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e artigo 18.2 desta ordenanza será obrigatorio para os cidadáns que se relacionen con esta administración na tramitación dos procedementos administrativos enumerados na Disposición Adicional I a utilización da notificación por medios electrónicos, en canto a administración municipal dispoña dos medios técnicos axeitados."

Modificar as Disposición adicionais, pasando dunha única existente a dúas, coa seguinte redacción:

"DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Relación de procedementos administrativos nos que será obrigatorio comunicarse con esta administración municipal a través de medios electrónicos

1. Procedementos de contratación administrativa tramitados segundo o procedemento aberto regulado na Sección 2ª do Capítulo I, Título I do Libro III do Real decreto lexislativo 3/2011 polo que se apróba o texto refundido da lei de contratos do sector público.
2. Procedementos de contratación administrativa tramitados segundo o procedemento restrinxido regulado na Sección 3ª do Capítulo I, Título I do Libro III do Real decreto lexislativo 3/2011 polo que se apróba o texto refundido da lei de contratos do sector público.
3. Procedementos de contratación administrativa tramitados segundo o procedemento negociado regulado na Sección 4ª do Capítulo I, Título I do Libro III do Real decreto lexislativo 3/2011 polo que se apróba o texto refundido da lei de contratos do sector público.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Creación doutras sedes electrónicas

Sen prexuízo do disposto nesta Ordenanza, os órganos e as entidades integrantes da Administración municipal, definidos no artigo 2 desta Ordenanza, poderán crear outras sedes electrónicas para o exercicio das súas competencias."

Modificar a Disposición final terceira que queda redactada do seguinte xeito:

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

"Terceira. Entrada en vigor

Esta Ordenanza entrará en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo de quince (15) días o que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local."

Bergondo, na data indicada na marxe.
A Alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: pois é tamén un paso mais na Administración electrónica e tamén na obriga de comunicación coa Administración; o outro día comentabamos que non se refería ás comunicacións cos veciños neste caso, e que basicamente é para as cuestións relacionadas cos procedementos de contratación, xa que ao día de hoxe xa hai obriga para as persoas xurídicas, pois tamén que esa obriga se estenda ás persoas físicas, que son as mínimas que se presentan aos procedementos de contratación, como vostedes ben saben e ben poden comprobar, polo tanto así estamos unificando xa os procedementos.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: eu estou totalmente de acordo con esta modificación, pero o que lle dicía o outro día, que a Plataforma funcione adecuadamente.

Sra. alcaldesa: si, é unha cuestión diferente á Sede Electrónica da plataforma e da Administración Electrónica, pero efectivamente doulle a razón de que hai bastantes veces que a Sede Electrónica está funcionando dun xeito precario.

Sr. voceiro do PP: simplemente dicir que entendemos que se corresponde co desenvolvemento da Lei 39/2015, e que consideramos que poñer a Administración ao servizo da cidadanía é achegar as institucións á cidadanía; voto favorable.

Sra. voceira de VB: voto favorable

Sra. voceiro de SON de Bergondo-Anova: voto favorable.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PsdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) voto a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor, concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total doce (12) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

4. ADAPTACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL Á NOVA LEI 2/2016, DE 10 DE FEBREIRO, DO SOLO DE GALICIA E O SEU REGULAMENTO. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por unanimidade, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 19 de outubro de 2017, que transcrita literalmente di:

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

"Visto o escrito presentado pola empresa UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS JORNET-LLOP PASTOR, S.L.P., MARÍA RÍOS CARBALLEIRA E GABRIEL ÁNGEL JUBETE I ANDREU, con CIF núm.U70395611, con núm. de rexistro de entrada 5661 do 31.07.2017, adxudicataria do contrato de servizos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Bergondo.

Estudado polos servizos técnicos e xurídicos municipais a proposta formulada, consonte coa actual Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e so seu regulamento, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro, compre adaptalas fases de execución do contacto en vigor, asinado o 19.12.2013, emendado o 17.03.2014, pero cuxos efectos comezaron o 01.10.2015, segundo acta de inicio asinada nesa data.

Polo que compre facer as seguintes adaptacións nos seguintes aspectos:

1º. Respecto ás fases de execución do contrato en vigor coa empresa adxudicataria, quedaría do seguinte xeito redactada a cláusula XII do PCAP:

"XII. FASES DE EXECUCIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO

As fases de execución do obxecto do contrato, descritas de xeito pormenorizado no prego de prescricións técnicas, completado coas esixencias contidas no prego de cláusulas administrativas particulares, e consonte coa nova regulación legal, son as seguintes, sen prexuízo de que se adapten á oferta do adxudicatario en canto ao desglose das fases e prazos de tramitación:

Primeira Fase - Elaboración da información urbanística e o diagnóstico, e o borrador do Plan e o documento inicial estratéxico

Recollida da información de toda índole precisa para a elaboración dos traballos, redacción e entrega do diagnóstico e dun anteproxecto de planeamento como documento borrador, terá por finalidade servir de orientación para a elaboración e avaliación ambiental do plan, e en consecuencia, conterá un estudo detallado do medio rural e do modelo de asentamento poboacional, a descrición e avaliación do sistema de núcleos que se propoña e do alcance, do contido e dos obxectivos da planificación, así como das propostas e alternativas formuladas: prazo máximo de UN MES dende o día seguinte á formalización da presente adaptación contractual.

Dentro deste prazo máximo o equipo redactor, unha vez obtida a información urbanística da que dispón o concello, elaborará un borrador do Plan co contido detallado no artigo 145 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, e no prego técnico. Así mesmo elaborará o documento inicial estratéxico co contido establecido na lexislación vixente. Esta documentación será revisada no concello e, unha vez constatado que a documentación é correcta emitirase o pertinente informe técnico, co que se entenderá cumprida esta fase.

Efectuado este trámite, o concello remitirá ao órgano ambiental o borrador do plan e o documento inicial estratéxico.

O órgano ambiental someterá esa documentación ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, das demais administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de dous meses. Transcorrido este prazo, o procedemento continuará nos termos establecidos na lexislación vixente. Realizadas as consultas, o órgano ambiental, no prazo de dous meses contados desde o efectivo cumprimento dos trámites anteriores e a recepción da documentación completa, formulará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, que, como mínimo, incluírá todas aquelas administracións públicas que deban emitir informe sectorial de conformidade coa lexislación aplicable.

Segunda Fase - Elaboración do estudo ambiental estratéxico atendendo ao contido do documento de alcance e elaboración da versión inicial do plan:

Unha vez recibido no concello o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, elaborado polo órgano ambiental, remitirase ao equipo redactor para que elabore o estudo ambiental estratéxico atendendo aos criterios contidos no documento de alcance e de conformidade co contido exixible pola lexislación vixente, e de resultas deste elaborará a versión inicial do Plan.

Este documento, conterá toda a documentación que integra o PXOM de acordo co previsto na actual lexislación e co prego de características técnicas e que sexa necesaria para que os servizos técnicos e xurídicos municipais poidan cumprir co trámite previsto no artigo 60.6 LSG: esta documentación redactarase no prazo máximo de sete meses dende que o equipo redactor reciba o documento de alcance.

A documentación virá acompañada do informe técnico e xurídico esixido na cláusula IV do Prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceira Fase - Aprobación inicial do PXOM, exposición pública e remisión a órgano competente en materia de urbanismo

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

Unha vez que a documentación sinalada na fase anterior se entregue no concello, será revisada polos servizos técnicos do concello e, unha vez constatado que ten a documentación mínima esixida, emitirase a pertinente informe técnico, co que se entenderá cumprida esta fase aos efectos de aboamento dos traballos á empresa redactora.

O concello, logo do informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais, procederá a aprobación inicial do documento referido na fase anterior, e someterá o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia (artigo 60.6 da LSG).

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico (artigo 60.6 da LSG).

O resumo executivo conterá, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Os ámbitos en que a nova ordenación altere a vixente, cun plano da súa situación e indicación do alcance da dita alteración.
- b) De ser o caso, os ámbitos en que se suspenda o outorgamento de licenzas e a tramitación doutros procedementos, indicando a duración da suspensión.

O concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal realizará as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderanse emitidos con carácter favorable (artigo 60.7 da LSG).

Respecto dos informes sectoriais a que se fai referencia neste apartado, así como os demais informes sectoriais preceptivos que deba solicitar o Concello consonte coa lexislación vixente, terase en conta o anexo II do regulamento, no que se recolle unha listaxe dos ditos informes e do momento en que deberá solicitarse cada un deles, de acordo coa normativa sectorial correspondente.

Cumpridos os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o seu resultado, e poderase continuar o procedemento (artigo 60.7 da LSG).

Cuarta Fase - Presentación dos Informes e Valoracións sobre as alegacións presentadas, informes de carácter sectorial e consultas do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico recibidas e propostas da súas estimacións ou desestimacións para a súa aprobación:

O concello, á vista dos trámites seguidos na fase anterior, remitirá o resultado da información pública e demais consultas, resultado remitido polo órgano competente en materia de urbanismo, informes sectoriais e dos concellos limítrofes ao equipo redactor: no prazo máximo de tres meses dende a recepción, o equipo deberá emitir informe respecto do contido das consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, informes sectoriais e alegacións e propor a súa estimación ou desestimación, así coma as modificacións que cumpriría introducir no documento do PXOM e, de ser o caso, no estudo ambiental estratéxico.

A documentación virá acompañada do informe técnico e xurídico esixido na cláusula IV do Prego de cláusulas administrativas particulares, o que recollerá, entre outros, o pronunciamento expreso do carácter ou non de modificación substancial de calquera variación que se produza no Plan, con respecto a aquel que foi obxecto de información pública.

O concello validará a documentación presentada e emitirá o pertinente informe técnico coa que se entenderá cumprida esta fase. Elevarase a Pleno a proposta para a súa aprobación, se procede.

Quinta Fase - Elaboración da proposta de PXOM que inclúa as propostas aprobadas e do estudo ambiental estratéxico para remitilo ao órgano ambiental:

De acordo coas instrucións que para tal efecto lle indique o órgano municipal competente, o equipo redactor introducirá nos documentos do PXOM e, de ser o caso, no estudo ambiental estratéxico as modificacións derivadas das alegacións e consultas estimadas polo Pleno das presentadas no período de información pública, así como dos informes sectoriais emitidos, e consultas do documento de alcance, e redactará a documentación esixida no artigo 60.9 da LSG e artigo 144.9 do regulamento, a proposta de Plan, que elevarase ao órgano ambiental xunto co expediente de avaliación ambiental estratéxica completo (artigo 60.9 LSG).

O expediente de avaliación ambiental estratéxica completo estará constituído pola proposta final do plan, o estudo ambiental estratéxico, o resultado da participación pública e consultas, así como por un documento resumo que describa como se integraron na proposta final do plan os aspectos ambientais, o estudo ambiental estratéxico, a súa adecuación ao documento de alcance e o resultado das consultas realizadas e como estas se formaron en consideración.

Esta fase cumprimentarase no prazo máximo de dous meses dende que se remita ao equipo redactor a comunicación referida no párrafo primeiro desta fase.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

O concello revisará a documentación presentada e emitirá o pertinente informe técnico co que se entenderá cumprida esta fase. Efectuado este trámite, o concello remitirá ao órgano ambiental a proposta do PXOM xunto co expediente de avaliación ambiental estratéxica completo.

Sexta Fase - Presentación do documento para aprobación provisional:

O órgano ambiental, tras realizar a análise técnica do expediente, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da documentación completa, formulará a declaración ambiental estratéxica, que deberá ser publicada no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do órgano ambiental.

O concello daralle traslado ao equipo redactor, quen incorporará o contido da declaración ambiental estratéxica ao plan, introducindo as modificacións que sexan necesarias, elaborará un extracto co contido sinalado no artigo 82 da LSG e 199.2 do Regulamento, e indicará as medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan. No caso de que se introducisen modificacións que signifiquen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, pola adopción de novos criterios respecto da clasificación e cualificación do solo ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, abrirase un novo trámite de información pública. Esta fase cumprimentarase no prazo máximo de dous meses dende que o equipo redactor reciba a declaración ambiental estratéxica.

A documentación virá acompañada do informe técnico e xurídico esixido na cláusula IV do Prego de cláusulas administrativas particulares; este informe tamén recollerá o pronunciamento expreso do carácter ou non de modificación substancial de calquera variación que se produza no Plan, con respecto a aquel que foi obxecto de información pública.

O concello revisará a documentación presentada e emitirá o pertinente informe técnico coa que se entenderá cumprida esta fase.

Logo do informe dos servizos xurídicos e técnicos municipais respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas e da conformidade do plan coa lexislación vixente, o concello aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que sexan pertinentes.

O expediente completo, debidamente dilixenciado, será remitido á consellaría competente en materia de urbanismo

Sétima Fase - Presentación do documento para aprobación definitiva:

Tras ser remitido o Plan á consellería competente en materia de urbanismo, e con independencia das emendas esixidas no artigo 60.14 da LSG que deberán ser cumprimentadas polo equipo redactor, pronunciada a Consellería no seu caso, nos termos do artigo 60.16.b) ou c) da LSG, o equipo redactor deberá introducir as modificacións que resulten oportunas para acadar a aprobación definitiva completa do Plan, incluso de ser necesario, consonte co esixido no artigo 62 da LSG. Este traballo efectuarase no prazo máximo de un mes a contar dende a recepción polo equipo redactor da comunicación da Consellería.

No caso de que as modificacións a introducir teñan o carácter de substanciais, o Concello decidirá (oído o contratista) o novo Plan de etapas que se estableza para a execución dos traballos que finalmente logren a aprobación definitiva do Plan. Esta eventualidade non suporá aumento do prezo do contrato.

As previsións do parágrafo anterior serán tamén de aplicación no caso de que a aprobación definitiva fora denegada segundo o previsto no artigo 60.16.d) da LSG. Non obstante, neste caso, o novo Plan de fases terá en conta que son máis as etapas precisas para a aprobación do Plan.

Todo isto, sen prexuízo da facultade de resolver o contrato por parte do concello.

O concello revisará a documentación presentada e emitirá o pertinente informe técnico co que se entenderá cumprida esta fase.

Oitava Fase - Documento final:

Dende a comunicación ao adxudicatario da aprobación definitiva do PXOM, un mes.

O concello revisará a documentación presentada e emitirá un acta de recepción final coa que se entenderá cumprido o contrato e iniciárase o prazo de garantía do contrato."

2º. Respecto á cláusula III. Prezo do contrato e financiamento, os pagos á empresa adxudicataria efectuaríanse, comparativamente co cadro recollido no contrato inicial, do seguinte xeito:

FASE DO TRABALLO no contrato orixinario asinado o 19.12.2013	FASE DO TRABALLO adequado á nova regulación legal	IMPORTE	PORCENTAXE
--	--	---------	------------

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

Presentación do ISA e do PXOM (Fase 2)	Presentación do borrador do Plan e o documento inicial estratéxico (Fase 1)	33.978,41 euros	20%
Presentación do documento para aprobación inicial (Fase 3)	Presentación do documento para aprobación inicial (Fase 3)	33.978,41 euros	20%
Presentación PXOM modificado e proposta de memoria ambiental (Fase 5)	Presentación da proposta de PXOM e expediente completo de avaliación ambiental estratéxica (Fase 5)	16.989,21 euros	10%
Presentación do documento para aprobación Provisional (Fase 6)	Presentación do documento para aprobación Provisional (Fase 6)	33.978,41 euros	20%
Presentación do documento para aprobación definitiva (Fase 7)	Presentación do documento para aprobación definitiva (Fase 7)	33.978,41 euros	20%
Publicación no DOG e no BOP da normativa e ordenanzas (Fase 8)	Publicación no DOG e no BOP da normativa e ordenanzas (Fase 8)	16.989,21 euros	10%
TOTAL		169.892,06 €.	100%

3º. En relación á Cláusula IV. Execución do traballos, quedaría como segue, por mor das novidades legislativas en materia de administración electrónica, así como a propia lei do solo de Galicia

No penúltimo párrafo, onde se establece: "...Os traballos serán presentados, en cada unha das súas fases, por sextuplicado exemplar. Os traballos redactaranse en galego. Do documento final presentarase, ademais, unha tradución ao castelán..."

Deberíase substituír: "...Os traballos serán presentados, en cada unha das súas fases, por cuadruplicado exemplar: dous en formato papel e dous en formato electrónico (asinados dixitalmente). Os traballos redactaranse en galego. Do documento final presentarase, ademais, unha tradución ao castelán..."

En conclusión, propónse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a adaptación puntual do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación do servizo de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal, con contrato en vigor do 19.12.2013, asinado coa UTE JORNET-LLOP PASTOR, S.L.P., MARÍA RÍOS CARBALLEIRA E GABRIEL ÁNGEL JUBETE I ANDREU, con CIF núm.U70395611, á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e ao seu regulamento, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que refírese ás cláusulas III, IV e XII, que quedarían redactadas do seguinte xeito:

"Cláusula III. Prezo do contrato e financiamento

...\\...

O pagamento do contrato realizarase de acordo co seguinte cronograma de execución e aboamento, sen prexuízo de que as baixas na licitación produzan a actualización dos valores de acordo coas porcentaxes expresadas:

FASE DO TRABALLO	IMPORTE	PORCENTAXE
Presentación do borrador do Plan e o documento inicial estratéxico (Fase 1)	33.978,41 euros	20%
Presentación do documento para aprobación inicial (Fase 3)	33.978,41 euros	20%
Presentación da proposta de PXOM e expediente completo de avaliación ambiental estratéxica (Fase 5)	16.989,21 euros	10%

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) □ www.bergondo.es □ Telf.: 981 79 12 52 □ Fax: 981 79 42 33

Presentación do documento para aprobación Provisional (Fase 6)	33.978,41 euros	20%
Presentación do documento para aprobación definitiva (Fase 7)	33.978,41 euros	20%
Publicación no DOG e no BOP da normativa e ordenanzas (Fase 8)	16.989,21 euros	10%
	169.892,06 €.	100%

...\\..."

Cláusula IV. Execución do traballos

O penúltimo párrafo, queda redactado: "...Os traballos serán presentados, en cada unha das súas fases, por cuadruplicado exemplar: dous en formato papel e dous en formato electrónico (asinados dixitalmente). Os traballos redactaranse en galego. Do documento final presentarase, ademáis, unha tradución ao castelán..."

Cláusula XII. Fases de execución do obxecto do contrato

As fases de execución do obxecto do contrato, descritas de xeito pormenorizado no prego de prescricións técnicas, completado coas esixencias contidas no prego de cláusulas administrativas particulares, e consonte coa nova regulación legal, son as seguintes, sen prexuízo de que se adapten á oferta do adxudicatario en canto ao desglose das fases e prazos de tramitación:

Primeira Fase - Elaboración da información urbanística e o diagnóstico, e o borrador do Plan e o documento inicial estratéxico

Recollida da información de toda índole precisa para a elaboración dos traballos, redacción e entrega do diagnóstico e dun anteproxecto de planeamento como documento borrador, terá por finalidade servir de orientación para a elaboración e avaliación ambiental do plan, e en consecuencia, conterá un estudo detallado do medio rural e do modelo de asentamento poboacional, a descrición e avaliación do sistema de núcleos que se propoña e do alcance, do contido e dos obxectivos da planificación, así como das propostas e alternativas formuladas: prazo máximo de UN MES dende o día seguinte á formalización da presente adaptación contractual.

Dentro deste prazo máximo o equipo redactor, unha vez obtida a información urbanística da que dispón o concello, elaborará un borrador do Plan co contido detallado no artigo 145 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, e no prego técnico. Así mesmo elaborará o documento inicial estratéxico co contido establecido na lexislación vixente. Esta documentación será revisada no concello e, unha vez constatado que a documentación é correcta emitirase o pertinente informe técnico, co que se entenderá cumprida esta fase.

Efectuado este trámite, o concello remitirá ao órgano ambiental o borrador do plan e o documento inicial estratéxico.

O órgano ambiental someterá esa documentación ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, das demais administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de dous meses. Transcorrido este prazo, o procedemento continuará nos termos establecidos na lexislación vixente. Realizadas as consultas, o órgano ambiental, no prazo de dous meses contados desde o efectivo cumprimento dos trámites anteriores e a recepción da documentación completa, formulará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, que, como mínimo, incluírá todas aquelas administracións públicas que deban emitir informe sectorial de conformidade coa lexislación aplicable.

Segunda Fase - Elaboración do estudo ambiental estratéxico atendendo ao contido do documento de alcance e elaboración da versión inicial do plan:

Unha vez recibido no concello o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, elaborado polo órgano ambiental, remitirase ao equipo redactor para que elabore o estudo ambiental estratéxico atendendo aos criterios contidos no documento de alcance e de conformidade co contido exixible pola lexislación vixente, e de resultados deste elaborará a versión inicial do Plan.

Este documento, conterá toda a documentación que integra o PXOM de acordo co previsto na actual lexislación e co prego de características

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

técnicas e que sexa necesaria para que os servizos técnicos e xurídicos municipais poidan cumprir co trámite previsto no artigo 60.6 LSG: esta documentación redactarase no prazo máximo de sete meses dende que o equipo redactor reciba o documento de alcance.

A documentación virá acompañada do informe técnico e xurídico esixido na cláusula IV do Prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceira Fase - Aprobación inicial do PXOM, exposición pública e remisión a órgano competente en materia de urbanismo

Unha vez que a documentación sinalada na fase anterior se entregue no concello, será revisada polos servizos técnicos do concello e, unha vez constatado que ten a documentación mínima esixida, emitirase a pertinente informe técnico, co que se entenderá cumprida esta fase aos efectos de aboamento dos traballos á empresa redactora.

O concello, logo do informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais, procederá a aprobación inicial do documento referido na fase anterior, e someterá o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia (artigo 60.6 da LSG).

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico (artigo 60.6 da LSG).

O resumo executivo conterá, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Os ámbitos en que a nova ordenación altere a vixente, cun plano da súa situación e indicación do alcance da dita alteración.
- b) De ser o caso, os ámbitos en que se suspenda o outorgamento de licenzas e a tramitación doutros procedementos, indicando a duración da suspensión.

O concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal realizará as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderanse emitidos con carácter favorable (artigo 60.7 da LSG).

Respecto dos informes sectoriais a que se fai referencia neste apartado, así como os demais informes sectoriais preceptivos que deba solicitar o Concello consonte coa lexislación vixente, terase en conta o anexo II do regulamento, no que se recolle unha listaxe dos ditos informes e do momento en que deberá solicitarse cada un deles, de acordo coa normativa sectorial correspondente.

Cumpridos os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o seu resultado, e poderase continuar o procedemento (artigo 60.7 da LSG).

Cuarta Fase - Presentación dos Informes e Valoracións sobre as alegacións presentadas, informes de carácter sectorial e consultas do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico recibidas e propostas da súas estimacións ou desestimacións para a súa aprobación:

O concello, á vista dos trámites seguidos na fase anterior, remitirá o resultado da información pública e demais consultas, resultado remitido polo órgano competente en materia de urbanismo, informes sectoriais e dos concellos limítrofes ao equipo redactor: no prazo máximo de tres meses dende a recepción, o equipo deberá emitir informe respecto do contido das consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, informes sectoriais e alegacións e propoñer a súa estimación ou desestimación, así coma as modificacións que cumpriría introducir no documento do PXOM e, de ser o caso, no estudo ambiental estratéxico.

A documentación virá acompañada do informe técnico e xurídico esixido na cláusula IV do Prego de cláusulas administrativas particulares, o que recollerá, entre outros, o pronunciamento expreso do carácter ou non de modificación substancial de calquera variación que se produza no Plan, con respecto a aquel que foi obxecto de información pública.

O concello validará a documentación presentada e emitirá o pertinente informe técnico coa que se entenderá cumprida esta fase. Elevarase a Pleno a proposta para a súa aprobación, se procede.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

Quinta Fase - Elaboración da proposta de PXOM que incluía as propostas aprobadas e do estudo ambiental estratéxico para remitilo ao órgano ambiental:

De acordo coas instrucións que para tal efecto lle indique o órgano municipal competente, o equipo redactor introducirá nos documentos do PXOM e, de ser o caso, no estudo ambiental estratéxico as modificacións derivadas das alegacións e consultas estimadas polo Pleno das presentadas no período de información pública, así como dos informes sectoriais emitidos, e consultas do documento de alcance, e redactará a documentación esixida no artigo 60.9 da LSG e artigo 144.9 do regulamento, a proposta de Plan, que elevarase ao órgano ambiental xunto co expediente de avaliación ambiental estratéxica completo (artigo 60.9 LSG).

O expediente de avaliación ambiental estratéxica completo estará constituído pola proposta final do plan, o estudo ambiental estratéxico, o resultado da participación pública e consultas, así como por un documento resumo que describa como se integraron na proposta final do plan os aspectos ambientais, o estudo ambiental estratéxico, a súa adecuación ao documento de alcance e o resultado das consultas realizadas e como estas se formaron en consideración.

Esta fase cumprimentarase no prazo máximo de dous meses dende que se remita ao equipo redactor a comunicación referida no párrafo primeiro desta fase.

O concello revisará a documentación presentada e emitirá o pertinente informe técnico co que se entenderá cumprida esta fase. Efectuado este trámite, o concello remitirá ao órgano ambiental a proposta do PXOM xunto co expediente de avaliación ambiental estratéxica completo.

Sexta Fase - Presentación do documento para aprobación provisional:

O órgano ambiental, tras realizar a análise técnica do expediente, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da documentación completa, formulará a declaración ambiental estratéxica, que deberá ser publicada no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do órgano ambiental.

O concello daralle traslado ao equipo redactor, quen incorporará o contido da declaración ambiental estratéxica ao plan, introducindo as modificacións que sexan necesarias, elaborará un extracto co contido sinalado no artigo 82 da LSG e 199.2 do Regulamento, e indicará as medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan. No caso de que se introduzisen modificacións que signifiquen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, pola adopción de novos criterios respecto da clasificación e cualificación do solo ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, abrírase un novo trámite de información pública. Esta fase cumprimentarase no prazo máximo de dous meses dende que o equipo redactor reciba a declaración ambiental estratéxica.

A documentación virá acompañada do informe técnico e xurídico esixido na cláusula IV do Prego de cláusulas administrativas particulares; este informe tamén recollerá o pronunciamento expreso do carácter ou non de modificación substancial de calquera variación que se produza no Plan, con respecto a aquel que foi obxecto de información pública.

O concello revisará a documentación presentada e emitirá o pertinente informe técnico coa que se entenderá cumprida esta fase.

Logo do informe dos servizos xurídicos e técnicos municipais respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas e da conformidade do plan coa lexislación vixente, o concello aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que sexan pertinentes.

O expediente completo, debidamente dilixenciado, será remitido á consellaría competente en materia de urbanismo

Sétima Fase - Presentación do documento para aprobación definitiva:

Tras ser remitido o Plan á consellaría competente en materia de urbanismo, e con independencia das emendas esixidas no artigo 60.14 da LSG que deberán ser cumprimentadas polo equipo redactor, pronunciada a Consellaría no seu caso, nos termos do artigo 60.16.b) ou c) da LSG, o equipo redactor deberá introducir as modificacións que resulten oportunas para acadar a aprobación definitiva completa do Plan, incluso de ser necesario, consonte co esixido no artigo 62 da LSG. Este traballo efectuarase no prazo máximo de un mes a contar dende a recepción polo equipo redactor da comunicación da Consellaría.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

No caso de que as modificacións a introducir teñan o carácter de substanciais, o Concello decidirá (oído o contratista) o novo Plan de etapas que se estableza para a execución dos traballos que finalmente logren a aprobación definitiva do Plan. Esta eventualidade non suporá aumento do prezo do contrato.

As previsións do parágrafo anterior serán tamén de aplicación no caso de que a aprobación definitiva fora denegada segundo o previsto no artigo 60.16.d) da LSG. Non obstante, neste caso, o novo Plan de fases terá en conta que son máis as etapas precisas para a aprobación do Plan.

Todo isto, sen prexuízo da facultade de resolver o contrato por parte do concello.

O concello revisará a documentación presentada e emitirá o pertinente informe técnico co que se entenderá cumprida esta fase.

Oitava Fase - Documento final:

Dende a comunicación ao adxudicatario da aprobación definitiva do PXOM, un mes.

O concello revisará a documentación presentada e emitirá un acta de recepción final coa que se entenderá cumprido o contrato e iniciárase o prazo de garantía do contrato."

SEGUNDO. Na súa consecuencia modificar as cláusulas 3ª e 4ª do contrato administrativo asinado o 19.012.2013 e a súa addenda do 17.03.2014, que quedan redactadas do seguinte xeito:

"3º. DURACIÓN DO CONTRATO.- O prazo de execución será de catro (4) anos contados a partir do día seguinte ao que o Concello lle faga entrega á empresa redactora a cartografía do termo municipal. Este é o prazo para a completa execución do contrato. O contratista estará tamén obrigado ao cumprimento dos prazos parciais recollidos na Cláusula XII do Prego de cláusulas administrativas particulares, sen prexuízo de que se adapten á oferta do adxudicatario en canto ao desglose das fases e prazos de tramitación, con arranxo ao seguinte calendario cos prazos máximos detallados para cada fase:

- O prazo máximo de presentación do borrador do Plan e o documento inicial estratéxico será de UN (1) MES, dende a formalización da adaptación do contrato á nova Lei 2/2016, do solo de Galicia.

- O prazo máximo de presentación do documento para aprobación inicial, será de SETE (7) MESES dende que o equipo redactor reciba a documentación sinalada na Cláusula XII. Segunda Fase do PCAP.

- O prazo máximo de presentación do Informes e Valoracións sobre as alegacións presentadas, informes de carácter sectorial e consultas do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico recibidas e propostas da súas estimacións ou desestimacións para a súa aprobación, será de TRES (3) MESES dende que o equipo redactor reciba a documentación sinalada na Cláusula XII. Cuarta Fase do PCAP.

- O prazo máximo de Elaboración da proposta de PXOM que incluía as propostas aprobadas e do estudo ambiental estratéxico para a súa remisión ao órgano medio ambiental, será de DOUS (2) MESES dende que o equipo redactor reciba a documentación sinalada na Cláusula XII. Quinta Fase do PCAP.

- O prazo máximo de presentación do documento para aprobación provisional co contido da declaración ambiental estratéxica, será de DOUS (2) MESES dende que o equipo redactor reciba a documentación sinalada na Cláusula XII. Sexta Fase do PCAP.

- O prazo máximo de presentación do documento para aprobación definitiva, será de UN (1) MES dende que o equipo redactor reciba a documentación sinalada na Cláusula XII. Sétima Fase do PCAP.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

- O prazo máximo de presentación do documento final, será de UN (1) MES dende que o equipo redactor reciba a documentación sinalada na Cláusula XII. Oitava Fase do PCAP.

O prazo de execución poderá prorrogarse por dous (2) anos por mutuo acordo das partes, adoptado, en todo caso, antes da finalización do prazo inicialmente previsto para a execución do contrato.

O prazo de garantía será dun ano dende a recepción final do contrato, que se considerará producida coa sinatura da acta de recepción da documentación final."

4º.- PREZO.- O prezo total do contrato é de 133.000,00 euros sen IVE, 27.930,00 euros de IVE que supón un total de 160.930,00 euros e ou seu pagamento realizarase de acordo co cronograma de execución e aboamento establecido na cláusula III do Prego de cláusulas administrativas particulares, actualizando os valores de acordo coas porcentaxes indicadas na mesma, como consecuencia da baixa producida na licitación.

O pago do prezo do contrato efectuarase:

FASE DO TRABALLO	PORCENTAXE
Presentación do borrador do Plan e o documento inicial estratéxico (Fase 1)	20%
Presentación do documento para aprobación inicial (Fase 3)	20%
Presentación da proposta de PXOM e expediente completo de avaliación ambiental estratéxica (Fase 5)	10%
Presentación do documento para aprobación Provisional (Fase 6)	20%
Presentación do documento para aprobación definitiva (Fase 7)	20%
Publicación no DOG e no BOP da normativa e ordenanzas (Fase 8)	10%
TOTAL	100%

O pago do prezo do contrato, de conformidade co establecido na cláusula XI do Prego que rexe esta contratación, requirirá a entrega no Rexistro do concello da documentación requirida en cada fase, así como o exame e comprobación polos servizos técnicos municipais da adecuación dos traballos ás prescricións legais e contractuais. A conformidade do concello co traballo realizado reflectirase mediante a emisión de informe favorable polos técnicos municipais, que deberá ser emitido no prazo máximo dun (1) mes a contar desde a presentación da documentación no Rexistro Xeral da Corporación. No caso de que proceda o abono, o órgano competente aprobará as facturas presentadas polo contratista.

No presente contrato non se admitirán revisións de prezos de acordo co disposto na cláusula VII do Prego, nin no caso de que durante a vixencia do contrato sexa modificada a normativa urbanística, quedando obrigado o adxudicatario a adaptar os traballos que estivesen realizados á normativa, calquera que sexa a fase en que se atopen, agás que isto supoña unha modificación substancial das prestacións que implique a modificación do contrato, de conformidade co establecido na cláusula VIII do Prego e do TRLCSP."

TERCEIRO. Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria e formalizar en documento administrativo as adecuacións aprobadas nos puntos primeiro e segundo anteriores.

Bergondo, na data indicada na marxe
A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: a proposta, como o outro día recalcabamos, refírese exclusivamente a esa adaptación de fases por ter cambiado a Lei, é dicir, non hai modificación algunha, non podería habela tampouco, no prezo no que

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

se adjudicou no seu día o contrato, e polo tanto hai un cambio de Lei desde o momento en que se licitou, en que se fixo o Prego e se asinou o contrato, e ao día de hoxe.

Polo tanto entendemos que si debe haber esta adaptación das fases para saber nós se están cumprindo, se se van cumprir as fases fixadas, os tempos que se fixan nesas fases; incluso comentabamos que a efectos de intervención tamén poder ter claro cando se teñen que emitir as facturas e cando se corresponden para poder facer o abono correspondente. Polo tanto é iso, simplemente adaptar as fases da anterior Lei coas que se corresponderían ao día de hoxe.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: vostede o outro día dicía que isto fora iniciativa de eles, o de esta modificación.

Sra. alcaldesa: hai unha petición; aínda que non houbera unha petición teríamos que facela igualmente, pero si.

Sra. concelleira: e presentación do borrador e documento inicial estratéxico, como agora non hai que presentar os documentos ISA, neste momento, de aí á fase tres estanse aforrando este traballo, non? o da presentación desta documentación.

Sra. alcaldesa: non é a ISA, pero si que tamén hai o documento de avaliación ambiental estratéxica, que foi tamén o que se presentou agora.

Sra. concelleira: xa, pero xa temos algún tipo de resposta ou indicio da Xunta de que algo disto.....

Sra. alcaldesa: comentei o outro día do documento que se presentou á Xunta e que o borrador que se colgou na páxina web temos un requirimento en canto a unha serie de cuestións mas ben formais, de documentos que piden a maiores e que aínda están pendentes de contestar; a modo de exemplo pídenos cuestións relativas ás telecomunicacións, ao gas... por exemplo, non teño aquí o requirimento.

Sra. concelleira: xa sei que o contrato está así desta maneira, e se paga, pero.....

Sra. alcaldesa: ao día hoxe non se pagou nada.

Sra. concelleira: pero o lóxico sería pagar cando alguén diga, pois este documento que se está presentando....

Sra. alcaldesa: ah!!! claro...

Sra. concelleira: cando alguén diga que este documento que se está presentando é correcto...

Sra. alcaldesa: claro, que sempre vai haber un informe, de feito entendemos que non estará cuberta esa primeira fase ata que a Xunta dea o ok e o ...

Sra. concelleira: claro, pero tal e como o temos aquí redactado, di que no momento de presentar o borrador; o borrador xa o presentaron, mañá pódenos pasar a factura.

Sra. alcaldesa: non tería o informe..., si sei que hai algún sitio onde di que teñen que haber en cada fase, así como o exame de comprobación polos servizos técnicos municipais da adecuación dos traballos, as prescricións legais e contractuais; é dicir, sempre vai que haber que ter un informe a ese documento que se presentou para saber si cumpre ou non, si, si; iso daría igual, a adaptación ás fases ou non adaptación ás fases da nova Lei, sería así.

Sra. concelleira: eu considero que a adaptación tería que ser automática xa, se efectivamente se cambiaron as cousas tería que ser automática, non teríamos que estar aquí dándolle mais voltas

Sra. alcaldesa: a ver, ven a Pleno porque é un contrato de Pleno, porque se fora unha cuestión de Xunta de Goberno, se fora unha competencia de Alcaldía resolveríase por Decreto da Alcaldía, unha vez mais é unha cuestión de competencias, por iso ten que vir a Pleno.

Sra. concelleira: non me refiro a iso, refírome a que se se modifica unha Lei que obriga a modificar unhas fases, pois o lóxico é que esas fases teñan que estar modificadas, que é unha tarefa mais administrativa que decisión de Pleno.

Sra. alcaldesa: e o é, pero como tantas que as veces dicimos que veñen a Pleno e que non teñen as veces moito sentido que politicamente nin sequera nós teñamos que pronunciar, pero...

Sra. concelleira: é que agora digo, se todos nos poñemos no plan de que non quero aprobar iso e non se aproba, que pasa? non lles pagamos? non sei..., o meu voto é abstención.

Sr. voceiro do PP: nós entendemos que é unha adaptación da forma de contrato, dado que cando se presentaron estaban en vigor a anterior Lei do solo, a LOUGa, e agora aprobose no 2016 a nova Lei do solo de Galicia, entendemos que simplemente é unha adecuación á forma. O noso voto vai ser favorable.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

Sra. voceira de VB: a solicitude da empresa, da UTE, é do trinta e un de xullo; se xa non contamos agosto, setembro, outubro, dous meses para emitir este....

Sra. alcaldesa: si, foi unha cuestión que requiriu estudo, agosto coincide tamén co período vacacional dos técnicos e unha vez mais, se é o único que temos que facer ou que teñen que facer os técnicos, pois perfecto, pero como hai mais e era unha cuestión que tamén requiría...., porque non é algo habitual que se faga todos o días, e que requiría tamén dun estudo; de feito xa a proposta ten o seu contido e demais..., e por iso si é certo que xa levou o seu tempo. Que podería estar antes? si... como algunha outra cousa, pero xa digo, é tamén unha cuestión de mais expedientes que se levan no servizo.

Sra. voceira: respecto á duración do contrato, son os catro anos a partir do momento no que se lle faga entrega da cartografía.

Sra. alcaldesa: si

Sra. voceira: cando se lle entregou a cartografía a esta empresa?

Sra. alcaldesa: pois non forma parte hoxe do debate, e non teño aquí o dato, o terá vostede tamén no expediente.

Sra. voceira: mais ou menos o ano... o contrato é do 2013, agora mesmo se non houbera unha Adenda e non houbera esta adaptación, en decembro estaría terminado...

Sra. alcaldesa: non, porque non contan os prazos onde non se teñen emitidos os informes, teña vostede en conta que tampouco se cumpren os informes polas outras Administracións; o un de outubro de 2015, de feito o ten na proposta.

Sra. voceira: vale. É dicir, que segundo iso o un de outubro de 2019, agás que teñamos que prorrogalo, o contrato desta empresa está rematado.

Sra. alcaldesa: non é así tampouco.

Sra. voceira: excepto os dous anos de prórroga que se podería facer...

Sra. alcaldesa: incluso tamén os tempos que tarden en emitirse os informes; indo todo correctamente doulle a razón, debería ser, debería, non hai ningún PXOM que cumpra con eses prazos, porque tampouco ningunha Administración acaba cumprindo cos prazos que teñen para emitir os informes, pero si que é certo que en puridade deberían.

Sra. voceira: votamos abstención.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: o noso voto vai ser favorable.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSDG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) voto a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dúas (2) abstencións; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor, concelleira non adscrita: unha (1) abstención. **Total nove (9) votos a favor e tres (3) abstencións.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

5. MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS SOCIALISTA, ANOVA, VECIÑOS DE BERGONDO E CONCELLEIRA NON ADSCRITA, EN RELACIÓN ÁS PENSÍONS. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza de 19 de outubro, que transcrita literalmente di:

"EXPOSICION DE MOTIVOS

Ante o incesante cuestionamento ao que se está sometendo ao noso sistema de Seguridade Social e por tanto, á viabilidade do noso sistema de pensións, as organizacións Sindicais UGT e CC.OO, dando continuidade ás mobilizacións en defensa das Pensións Públicas, inician unha campaña de apoio e defensa dun sistema que foi e debe seguir sendo, garante de cohesión e de protección social.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

De forma sutil pero constante repítense argumentos que culpabilizan á propia cidadanía da escaseza de recursos. A pretensión non é outra que terminemos crendo que os responsables dunha supostamente inevitable inviabilidade do sistema de pensións é das persoas, por ser moi maiores ou por ter poucos fillos mesmo, por ter traballos escasos e pouco remunerados.

Desde o movemento sindical denúnciase que estas teses están baseadas na vontade de manter as equivocadas políticas de austeridade sen concesións, concorrendo coas que se fundamentan en presentar, desde sectores con claros intereses mercantís, ás pensións públicas como inviables, á vez que se ofrecen como alternativa sistemas privados de pensións, obviando que non son, de ningún xeito, capaces de protexer mellor á poboación pensionista.

Os poderes públicos deben apostar por garantir desde o sistema público, pensións suficientes como ferramenta fundamental para manter e reforzar a cohesión social. As cotizacións procedentes do emprego, que deben mellorar a súa diminuída achega actual e o reforzo do financiamento público, como elemento de redistribución de renda, son pezas esenciais.

As cotizacións á Seguridade Social non son, como se repite para tentar deostalas, un imposto que pagan os empresarios e en menor medida os traballadores. A cotización á seguridade social é salario diferido que se entrega ao Estado para que sexa o garante das nosas prestacións e para ter cubertas as situacións de enfermidade, falecemento ou vellez.

O problema non está no sistema, cuxas necesidades futuras son coñecidas e previsibles, está, entre outras causas, na vontade de reducir o seu nivel de cobertura, o enfraquecemento das súas fontes de financiamento procedentes do mercado de traballo, debilitando os mecanismos de distribución de renda na empresas e na sociedade, no uso que, en ocasións, faise da recadación destinando o diñeiro, a outros fins para os que non estaba previsto. O incremento de pensionistas e a maior duración das prestacións, procesos coñecidos, previsibles e saudables, debe ir acompañada de medidas efectivas, acordadas cos interlocutores sociais e, na maior medida posible, forzas parlamentarias, que permitan manter o pacto interxeracional que constitúe o noso sistema de pensións públicas de repartición.

Por todo o anterior, o proponse ao Pleno do Concello de Bergondo o seguinte, ACORDO

Sumámonos ás reivindicacións das Organizacións Sindicais CCOO e UGT e apoiamos as marchas promovidas por estas organizacións, que atravesan a nosa comarca, na defensa dun sistema público de pensións que garanta o mantemento do contrato social inherente ao noso sistema de pensións públicas.

A través do mesmo favorécese a cohesión social e respéctanse os dereitos construídos ao longo da vida laboral, xunto a medidas efectivas de redistribución da riqueza, que garanten pensións suficientes en todos os casos.

Así mesmo trasladamos ao Goberno, grupos parlamentarios e interlocutores sociais, a necesidade de recuperar os mecanismos de goberno participado do sistema público de pensións a través do Diálogo Social e no marco configurado no Pacto de Toledo.

Asdo.

Grupo municipal PSdG-PSOE; Grupo municipal de SON de Bergondo-Anova; Grupo municipal de Veciños de Bergondo; Concelleira non adscrita."

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: como lles comentaba na Comisión informativa, e despois adheríndose tamén mais grupos, como se di na exposición de motivos, unha moción solicitada neste caso polo movemento sindical para que se levase a Pleno; que en todo caso na exposición de motivos algún podería facerse algún cambio ou non estar de acordo con todo o expoñendo, pero en todo caso creo que si estamos a maioría polo menos de acordo en que o sistema público de pensións que ao día de hoxe ten este país, debería manterse para que os que algún día queremos ter unha xubilación, pois tamén poidamos ter certas garantías.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

Sra. concelleira non adscrita: como asinante da moción, estou basicamente de acordo co que aí se conten.

Sr. voceiro do PP: falase nesta moción de políticas de austeridade pero para nós a realidade é moi distinta. Desde que chegou o PP ao Goberno fixéronse melloras en materia do incremento da protección, por exemplo: modificación e incremento na protección dos traballadores a tempo parcial permitindo un cálculo mais xusto das prestacións. Incorporación dun complemento de maternidade en pensións para mulleres con fillos; este complemento foi creado en xaneiro de 2016 e xa beneficia a mais de 260.000 mulleres. Incremento da duración da prestación de paternidade de 2 a 4 meses.

Aprobouse unha lei de protección social do sector marítimo pesqueiro para incorporar novos traballadores ao Réxime especial do mar tanto por conta allea como propia, acuicultura, traballadores en plataformas, etc.

Reforzouse a pensión por orfandade incrementándoa coa viuvez do cónxuxe condenado por delito doloso

A posta en marcha dunha mellora do Réxime de traballadores autónomos.

Se ben, é certo que o sistema de pensións enfrontouse a unha das peores crises económicas da historia recente de España, o que produciu un maior descenso na afiliación a Seguridade Social e como consecuencia unha diminución no ingreso das cotizacións sociais ao sistema. Tamén é certo, que estamos a padecer unha crise demográfica que sen dubida afecta moitísimo ao sistema e que xa é unha preocupación para todas as institucións. A propia Comision europea no seu programa Horizonte 2020 contempla como uns dos retos sociais a demografía.

Polo tanto a crise do sistema veu da man destas dúas cuestións; unha crise económica galopante, coa consecuent destrución de emprego, e unha sociedade cada vez mais envellecida.

Por poñer algúns datos enriba de mesa, no período 2007-2013 perdéronse tres millóns de afiliados, e so no 2011 perdéronse once mil millóns de euros.

Polo contrario tiñamos oito con oito millóns de pensionistas no 2011 e agora temos nove con cinco millóns no 2017 un sete con corenta e cinco por cento mais

No período 2011-2017 o gasto en pensións incrementouse nun vinte e dous con vinteseite por cento.

Por iso, non entendemos a que se refiren cando se fala de austeridade nesta moción.

O Goberno de España recolleu as necesidades que eran indispensables para salvagardar o Sistema da Seguridade Social. A reforma do 2013 que buscou reforzar a contribución do Sistema nun escenario de mellora da esperanza de vida, e fixou unha formula de revalorización das pensións baseada en indicadores reais como os ingresos ao sistema e asegurando unha subida anual mínima do cero vinte e cinco por cento. Non como fixo o anterior Goberno da nación, que conxelou as pensións, e supuxo a maior perda de poder adquisitivo para as pensións que afectou a case o setenta por cento dos pensionistas.

Polo tanto o goberno sempre defendeu o sistema publico de pensións. Os datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social, do acumulado no primeiro semestre do 2017 amosan que as cotizacións sociais alcanzaron case cincuenta e catro millóns de euros, grazas ao incremento das cotas de ocupados.

E para rematar, e certo que temos por diante novos retos aos que temos que enfrontarnos para seguir garantindo o sistema de pensións; de feito na Comisión do Pacto de Toledo seguen a decidirse melloras para conseguir os obxectivos de suficiencias das prestacións e a sustentabilidade financeira do sistema. Mais nada. O noso voto vai ser en contra.

Sra. voceira de VB: a favor.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: un dato obxectivo e obxectivable, mais aló do argumentario esgrimido por un Partido Político, é o famoso dato da tamén famosa hucha das pensións, aquel fondo onde sabemos, ou se nos di por informacións xornalísticas e de economía e demais, había hai anos sesenta e pico mil millóns de euros aforrados; sabemos é un dato obxectivo, que ese fondo está a piques de acabarse ou vaise acabar, e vaise acabar da man dese Partido cuxo argumentario nos acaban de ler.

Polo tanto, eu estaría, e estou, sumamente preocupado polas pensións, creo que a inmensísima maioría da poboación, sobre todo todos aqueles que aínda nos falta bastante para chegar a esa situación de xubilación e poder aspirar a unha pensión pública estamos sumamente preocupados.

Creo que as pensións, ou sistema público de pensións, corre un grave risco, non é cuestión de facer política partidista disto, pero os responsables ao día de hoxe dese sistema público de pensións son os actuais gobernantes, como non podería ser doutra maneira.

E repito, o fondo de pensións, a famosa hucha das pensións, estase a punto de acabar, e vai ser nas súas mans. O noso voto é favorable.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) voto a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos en contra, concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total dez (10) votos a favor e dous (2) en contra.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

6. MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS SOCIALISTA, ANOVA E VECIÑOS DE BERGONDO, PARA IMPULSAR POLÍTICAS DE BENESTAR ANIMAL E CONVIVENCIA. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza de 19 de outubro, que transcrita literalmente di:

"A recente aprobación da Lei de Benestar Animal polo Parlamento de Galicia e a falta dunha consignación orzamentaria mínima por parte do executivo autonómico evidencia unha vez máis a necesidade de establecer normas locais adaptadas aos tempos, ás demandas veciñais e ao interese da protección dos animais xunto cunha convivencia responsable.

A nova Lei autonómica avanza nalgúns aspectos fundamentais, reclamacións que viñan sendo continuadas por parte das entidades protectoras e dos colectivos que, como LIBERA! advirten sobre un abandono animal que non deixa de medrar e que non recibe resposta precisa dende o conxunto dos poderes públicos.

Tamén, non é menos certo, que a derivación de competencias nesta materia dende a Xunta aos Concellos, coloca aos gobernos locais nunha situación complexa, xa que teñen que aplicar as disposicións, algunhas moi novidosas, como o 'sacrificio cero' ou a prohibición de encadeamento continuado, sen dispoñer dun investimento por parte da administración galega.

Só cunha remuda profunda da conciencia cidadá se poderá chegar a un Concello máis amigable e responsable cos animais, con taxas practicamente nulas de abandono e con casos moi puntuais de crueldade, pero aplicar a Lei de Benestar Animal nos vindeiros meses esixirá unha resposta económica da Xunta, que dote ao noso Concello de medios mínimos para afrontar o seu articulado con garantías.

A Xunta ten a obriga de apoiar ás administracións que están a asumir a práctica totalidade dunha batalla, o abandono e o maltrato, para a cal non se consignan suficientes recursos.

E por iso que propomos:

1. Instar á Xunta de Galicia a consignar os recursos orzamentarios necesarios para garantir a aplicación correcta da Lei de Benestar Animal de Galicia, así como o apoio técnico preciso para implementar as súas disposicións.

Asdo. Grupo municipal PSdG-PSOE; Grupo municipal de SON de Bergondo-Anova; Grupo municipal de Veciños de Bergondo"

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: eu comentaba o outro día que en canto á Lei nada que dicir, aínda queda estudar polo miúdo xa que está recente a publicación no DOGa, pero que é unha Lei que contén moitas cuestións positivas e nese sentido aplaudila.

Simplemente como Administración local que unha vez mais que esas leis que se aproban e que son positivas, que non incrementen os gastos municipais, que non supoñan unha carga económica para os concellos, porque nos dotan de obrigas pero ao final non se nós acaba dotando desa contía económica, polo menos ao día de hoxe non hai nada que así o reflecte, e oxalá que o haxa; de feito no Concello de Bergondo temos delegado este servizo no Consorcio das Mariñas, como vostede saben, e hai un contrato cunha empresa, cun prego que se fixo no seu momento, un novo contrato de servizos que se tivo que quitar recentemente, e determinadas cuestións que se propoñen na Lei, xa digo que son moi positiva, pois van supoñer probablemente un incremento do custo dese servizo, e ese incremento do custo neste caso terá que asumilo o Consorcio, e se non o asume o Consorcio terá que asumilo na parte que lle corresponda o Concello de Bergondo.

Sabemos de subvencións que recentemente acaba de quitar a Xunta, que van sobre todo enfocadas para as Asociacións e demais, porque son moitas as entidades, fundacións e asociacións protectoras de animais as que ao día de hoxe están facendo o tema dos refuxios, que están realmente asumindo esta competencia.

Pola nosa parte o único que se pide é que se teña en conta esta cuestión, e que se pense no tema económico e na carga que pode implicar para os concellos.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: vostede di lei positiva, eu non o dubido; o que si me chama poderosamente a atención é que sempre pedimos competencias, e a Xunta aprobou a Lei de benestar animal de Galicia, todo perfecto, pero a ver..., entón que é un concello? porque nós tamén teremos que asumir algún custo desta medida, digo eu....

Eu o outro día preguntaba, xa dixoo vostede que está delegado no Consorcio, e o Consorcio en función do custo que lle supoña isto, o Concello de Bergondo fai unha achega, e se o custo é superior o concello vai ter que pagar mais cartos. Pero eu preguntáballe en canto nos afecta isto, cantos cans temos censados en Bergondo, e en canto podemos estimar o que pode custarnos a aplicación desta Lei.

Sra. alcaldesa: non hai aínda unha valoración económica. En canto á cuestión das competencias, non sei que concello pide competencias sen que veñan coa dotación orzamentaria correspondente, dende logo para nada somos partidarios de asumir competencias que antes non se tiñan, e que non veñen coa carga, é dicir, é unha petición perpetua e de hai moitos anos, que se leva demandando que si vale.... as competencias e os apoios na medida que sexan necesarios e non esquezamos que dependendo do número de habitantes as obrigas que teñen os concellos son diferentes, e por iso a dotación orzamentaria que teñen así tamén é, polo de agora? polo de agora non hai un cálculo, porque aquí estamos falando de sacrificio cero, nesta nova Lei, e iso vai supoñer un tempo onde hai que manter a mais animais e demais; entón é certo que é demasiado recente como para que aínda poida haber un cálculo exacto, de feito temos pendente de analizar aínda no Consorcio, o impacto que poda supoñer, e será unha cuestión que se teña que abordar nas vindeiras semanas.

Sra. concelleira: pero non parte soamente de que vai haber animais abandonados, haberá que tamén iniciar unha labor de concienciación ...

Sra. alcaldesa: si...

Sra. concelleira: para que outras persoas poidan ocuparse destes animais, non os imos ter na canceira municipal toda a vida, farase algo mais nese sentido, non?. Entón por iso digo, ao mellor non estamos falando dun custo, eu aplaudo a Lei e deixemos que comece a funcionar antes de estar xa.... como a Xunta aprobou a Lei vou protestar e vou dicir que me dean cartos porque senón non quero a Lei.... o meu voto vai ser abstención.

Sra. alcaldesa: como vostede si que indica, están contempladas ao día de hoxe unha maior concienciación nas campañas de adopción, e de feito no contrato que se licitou recentemente así tamén se contempla, teñen obriga de facer aínda mais esas campaña de sensibilización e adopción dos animais de compañía.

Eu tamén aplaudo a Lei, xa digo, e repito, non é unha moción que vaia en contra nin da Xunta nin da Lei, e o quero repetir, porque non é este o caso, polo menos dende o noso punto de vista, non é o caso.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

Sr. voceiro do PP: e que nós con respecto ás competencias que expón a moción, que van atribuírse mais competencias ás corporacións locais consideramos que lendo a Lei non é certo, porque as competencias que teñen as corporacións locais nesta Lei 4/2017 son as que estaban recollidas xa na Lei 1/93 de Protección de animais domésticos e salvaxes, e a Lei 50/99 sobre a réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos.

Polo tanto, ao noso parecer a nova Lei non inclúe nada respecto ás competencias atribuídas ao concello nesta materia, por exemplo, no que respecta aos artigos 25.5 e 26 sobre fogares de acollida e colonias felinas, o seu contido non contempla ningunha atribución competencial adicional, versa sobre alternativas opcionais de xestión, pero non constitúen competencias diferentes ás xa contempladas ou atribuídas. Ou a prohibición do sacrificio dos animais abandonados que se recollan para ser aloxados nos centros de recollida, isto xa se incluía na Lei do 1/93, establecíase que os concellos recollerán os animais abandonados, e transcorrido determinado prazo daríanlle o destino mais conveniente, que so en último termo sería o sacrificio.

Con respecto ao apoio económico nesta materia da Xunta ás Administracións locais, compre sinalar que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, está precisamente tramitando unha Orde de axudas para actuacións encamiñadas á protección dos animais de compañía abandonados en Galicia cun orzamento total de trescentos mil euros, e tamén en agosto saíu unha Orde da Consellería en relación ca anterior Lei sobre benestar animal, e xa contemplaban esas subvencións ás corporacións locais.

Entón, non entendemos moi ben porque se fai esa queixa do pouco apoio ás corporacións locais por parte da Xunta; porque entre outras cousas, inclúe os gastos de manutención derivados da compra do alimento comercial, gastos derivados do acto clínico para a esterilización cirúrxica, os gastos derivados do acto clínico veterinario para identificación animal mediante microchip, gastos derivados da aplicación das medidas profilácticas, incluso gastos de adquisición de equipamento non funxible para a xestión e manexo dos animais, entón non entendemos moi ben porque se fai esa crítica.

Sra. alcaldesa: xa dixen que non era unha crítica, pero vostede mesmo o acaba de dicir, acaba de avanzar unha Orde de axudas, de trescentos mil euros, moito non é, e efectivamente iso é o que se está solicitando, que haxa estas axudas.

As axudas actuais á Lei é certo que se contemplan e de feito dou fe que o Consorcio as pediu, porque ademais tocoume a min facer a sinatura desa subvención como presidenta en funcións; aínda non está resolta; por certo, exclusivamente para o control das colonias felinas, foi a que pediu o Consorcio.

Vostede fai referencia a que a antiga Lei xa di que o sacrificio en último momento, pero é que aí é onde vai estar a diferenza coa actual Lei, onde agora si que xa ten que ser unha cuestión que aínda que se permite no resquicio do articulado, xa non se debe contemplar, e polo tanto vai ser unha realidade que os animais van estar mais tempo nunha canceira se non se adoptan, esa é a diferenza.

Competencias estou de acordo con vostede, pero é que eu non falei tampouco de que foran mais competencias, si que é certo que se nos atribúe o que xa tiñamos, pero cun custo maior, porque vai haber un custo maior, que ao día de hoxe non está cuantificado, pero si vai haber un custo maior se un animal, como será o caso e benvinda sexa a Lei por certo, e estupendo, non se vai ter que sacrificar, e non se deba sacrificar precisamente polo feito de que transcorran mais de tres meses nunha canceira sen que teña sido adoptado.

Sr. voceiro: tamén ao que se refería a concelleira non adscrita..., isto tamén é un papel da sociedade, o que debe facer cada un cando se compromete a ter un animal de compañía, e por iso tamén se subvencionan na Orde e creo que vai ser igual na próxima Orde en relación a esta Lei, se subvencionan campañas de concienciación entón...

Sra. alcaldesa: si, si, que é fundamental, estamos de acordo. Soamente quizás que eses trescentos mil euros que vostede avanza, eu so pediría que fora algo mais, porque estou convencida que trescentos mil euros non van chegar tal e como se planifica esta nova Lei. É o único que se pide, que haxa unha dotación orzamentaria suficiente para que non supoña unha maior carga, que tamén é certo, para Bergondo é un problema pero non é o seu maior problema, e dentro do Consorcio non somos o concello ao que lle supón un maior problema; pero si que é certo que hai que telo dalgunha forma resolta.

Sr. voceiro: o noso voto vai ser en contra.

Sra. voceira do VB: como asinantes da moción a apoiamos con voto favorable.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: incidir tamén nunha cuestión, para nós tamén é unha boa lei, é dicir a Lei 4/2017, do tres de outubro, é unha boa lei sen dúbida; ollo!! se obviamos o controvertido asunto da tauromaquia que queda fóra do ámbito desta lei. Deixando ese tema á marxe, a lei, insisto e repito de novo, é unha boa lei. O que se está solicitando e pedindo é o que ben acaba de explicar a señora alcaldesa, que é as partidas orzamentarias necesarias ou suficientes para darlle un desenvolvemento digamos decente, á súa aplicación.

Non imos contra a lei, vaise a solicitar mais axuda orzamentaria.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) voto a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos en contra, concelleira non adscrita: unha (1) abstención. **Total nove (9) votos a favor, dous (2) en contra e unha (1) abstención.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, PARA APOIAR E RESPALDAR ÁS FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE DO ESTADO COMO GARANTES DO ESTADO DE DEREITO. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza de 19 de outubro, que transcrita literalmente di:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Desde el pasado día 20 de septiembre, fecha en la que se ordenó por parte del Juzgado de Instrucción nº 13 de Barcelona la práctica de diligencias de entrada y registro en distintas consejerías y organismos técnicos de la Generalitat de Cataluña, y hasta el domingo 1 de octubre, día en que se trató de celebrar el referéndum ilegal prohibido por el Tribunal Constitucional, las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado han sido objeto de un acoso constante con la finalidad de impedir a sus agentes el legítimo ejercicio de sus funciones.

Toda la sociedad española ha sido testigo a través de los medios de comunicación del enorme clima de hostilidad y de los numerosos ataques que han sufrido los miembros de la Policía Nacional y la Guardia Civil por el simple hecho de realizar su labor y defender el Estado de Derecho. Durante estos días, todos los ciudadanos han podido ver cómo los manifestantes les han insultado e incluso agredido, cómo han destrozado sus vehículos, cómo les han rodeado durante horas para bloquear sus salidas, cómo han informado a través de medios de comunicación de la Generalitat de sus movimientos dentro del territorio de la Comunidad Autónoma catalana con la finalidad de delatarles y señalarles. Hechos que han motivado que la Fiscalía de la Audiencia Nacional presentara una denuncia por sedición al considerar que serían constitutivos de éste y otros delitos.

Debe recordarse que, en el contexto descrito, el Gobierno de la Nación se ha visto obligado a adoptar medidas con objeto de garantizar el cumplimiento de la Ley en la Comunidad Autónoma de Cataluña en base a las instrucciones de la Fiscalía para impedir la celebración del referéndum ilegal y de acuerdo también a lo previsto en el artículo 38.2 de la Ley Orgánica de Fuerzas y Cuerpos de Seguridad que contempla la intervención de Policía y Guardia Civil en el mantenimiento del orden público.

Las explosiones de violencia a las que nos hemos referido tienen que ver con los llamados delitos de odio y son incompatibles con cualquier sistema democrático. No tiene cabida, por tanto, ningún tipo de actitud violenta o coacción con el fin de defender un posicionamiento político o ideológico. La violencia es simplemente violencia, sin que quepa justificación alguna atendiendo a la finalidad pretendida por sus autores o impulsores, por lo que todos los ciudadanos, y especialmente los representantes públicos, deben estar unidos en la condena de toda violencia, sin disculpar o minimizar en ningún caso hechos que puedan atentar contra la libertad y la integridad de las personas.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

Es deber y obligación de todos los partidos democráticos rechazar y condenar rotunda y sistemáticamente cualquier comportamiento de naturaleza violenta -independientemente de la ideología en que se amparen- así como cualquier acción justificativa de los mismos, y mostrar su apoyo a las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado en su labor de defensa y protección de los derechos y libertades de todos los ciudadanos. Es injusto e intolerable que se les trate como enemigos cuando los guardias civiles y los policías nacionales son servidores públicos que cumplen con la responsabilidad de garantizar la libertad de todos y el libre ejercicio de nuestros derechos.

Los hombres y mujeres que integran estos Cuerpos están comprometidos con la seguridad de España y de los españoles, y dedican sus vidas a salvaguardar la convivencia, la seguridad y la tranquilidad de sus conciudadanos, mereciendo por ello el cariño, la admiración y el respeto del conjunto de la sociedad española. Es por ésta y por otras muchas razones por las que la Policía Nacional y la Guardia Civil son las dos instituciones públicas que más confianza generan según figura en el barómetro del CIS del año 2015, pues gracias a su servicio diario estamos consiguiendo que España sea en la actualidad uno de los países más seguros del mundo.

Es por todo ello, el Grupo Municipal del Partido Popular de Bergondo presenta la siguiente MOCIÓN:

Manifiestar el apoyo del Concello de Bergondo:

- 1. Su apoyo y respaldo incondicional a la Policía Nacional y la Guardia Civil en su labor de defensa y protección de los derechos y libertades de todos los ciudadanos y, especialmente, y desde la legalidad constitucional, de la soberanía nacional, el Estado de Derecho, la democracia y la convivencia entre los españoles.*
- 2. Su condena al acoso sistemático al que sus miembros están siendo sometidos mediante actos violentos, independientemente de la ideología en que se amparen, así como cualquier tipo de acción o declaración que justifique, ampare o minusvalore dichos actos, rechazando en consecuencia toda conducta antidemocrática que atente contra la convivencia en paz y libertad y que trate de socavar los fundamentos de nuestra democracia.*

Además, insta al conjunto de las Instituciones españolas a:

- 3. Utilizar con determinación y firmeza, así como desde la proporcionalidad y oportunidad, todos los mecanismos que, en defensa de la soberanía del pueblo español y del interés general de España, le atribuyen la Constitución y las Leyes.*
- 4. Actuar, con las herramientas del Estado de Derecho, contra las iniciativas que pretendan, desde la ilegalidad y contra la voluntad democrática del conjunto del pueblo español, conculcar nuestro marco constitucional y la unidad de España.*

Para su conocimiento se acuerda finalmente, trasladar esta petición al Presidente y a la Vicepresidenta del Gobierno de España, a los Ministros de Justicia y de Interior del Gobierno de España, a los Portavoces de los Grupos Parlamentarios del Congreso y del Senado, a los Portavoces de los Grupos Parlamentarios de la Cámara autonómica, y a la Junta de Gobierno de la FEMP."

Sra. alcaldesa: por parte do grupo socialista obviamente imos estar sempre apoiando ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, unha porqué como Partido así o entendemos, e outra incluso como Grupo de Goberno. Si ben hai cuestións de redacción nesta moción coas que non podemos estar plenamente de acordo, si estamos a favor de apoiar e manifiestar o apoio incondicional ademais, á Policía Nacional e a Garda Civil, incluso o punto número dous tamén; pero hai cuestións que xa digo, probablemente sexan de redacción, que son demasiado contundentes e que cremos que ao final van un paso mais alá.

Polo tanto ímonos a abster, estamos de acordo co espírito que entendo que poida reflectir esta moción, pero non así coa redacción de determinados puntos que nela se contemplan, e xa digo, manifestamos dende logo o apoio como sempre aos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, coas que ademais temos unha estreita relación e cas que

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

ademais temos a obriga, o dereito e o orgullo de estar colaborando habitualmente como Grupo que está tamén no Grupo de goberno do Concello de Bergondo.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: eu creo que teñen vostedes en quen lles fai os argumentarios un escritor frustrado, porqué se enrolan como persianas. Aparte disto, ao igual que a señora alcaldesa non comparto moitas das cousas que se din neste argumentario, pero a pesar de non compartilas si comparto ao final os acordos que vostede pretenden aprobar, co cal o meu voto é favorable.

Sra. voceira de VB: o voto tamén vai ser favorable; creo que nos momentos que estamos vivindo, quizás non sexa o caso de entrar a valorar expresións, palabras, senón o espírito de fondo, a idea de fondo, porqué se entramos a discutir palabras, expresións, comas, circunloquios, en fin...., entón non imos estar de acordo nunca.

Creo que o espírito da moción, o di o propio título, é apoiar ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, creo que iso sería suficiente, e os que estamos aquí sentados neste estrado no seu día prometemos ou xuramos defender a Lei e a legalidade, a Constitución; cumprila e facela cumprir na medida na que nos correspondera, e eu penso que isto está absolutamente inmerso naquela promesa.

Sen querela desmenuzar, simplemente, cal é a idea? porque se nos propón esta moción? que apoio se nos pide? apoiar e respaldar ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado como garantes do Estado de Dereito, creo que é suficiente, e non faría falta discutir moito mais porqué entón, xa digo, non estaríamos nunca de acordo en todas as palabra e todas as expresións das mocións.

Sra. alcaldesa: é un punto de vista, nós consideramos que ás veces as palabras son as que van facer que unha cuestión vaia para adiante ou non, de feito tampouco plantexamos o outro día na Comisión informativa facer un cambio, ou facer unha emenda, que podería ser tamén factible, pois xa digo, abstémonos, estamos de acordo co título, pero que xa digo hai cuestións nas que non, e eu si creo que as palabras importan. Eu si que o penso, nós si que pensamos que ás veces as palabras que se utilizan en cada momento son importantes, pero, xa digo, é unha cuestión de matices.

Sra. voceira: e podería concertarnos un pouco mais, por saber que expresión..., que palabra non lle convence...

Sra. alcaldesa: hai palabras demasiados contundentes, e de feito o comentamos o outro día na Comisión informativa, e polo tanto non temos porqué dar agora mais....

Sra. voceira: non quere que conste en que non está conforme vostede....

Sra. alcaldesa: non...

Sra. voceira: non quere que conste en acta e non sexa público entón....

Sra. alcaldesa: señora concelleira, a moción non a presenta vostede, non intente tampouco levar o debate mais aló, eu xa dixen cal era o noso argumento, cal era o noso posicionamento claro, e ese é simplemente o queremos deixar como constancia e que conste en acta, o posicionamento claro do que se di, e non estamos de acordo con determinadas cuestións de fondo que se derivan desta moción, e determinadas palabras que se están expresando...., vostede si, pois xa está, nada mais. E por certo, non estamos en ningún estrado.

Sra. voceira: eu remítome á palabra estrado, a esta formación....

Sra. alcaldesa: a súa deformación...

Sra. voceira: vostede chamaralle doutra maneira...

Sra. alcaldesa: estamos nun Salón de Plenos...

Sra. voceira: eu simplemente lle pedía que explicara un pouco o seu posicionamento porqué evidentemente....

Sra. alcaldesa: e eu lle expliquei cal era o meu posicionamento.

Sra. voceira: si, pero vostede sabe....

Sra. alcaldesa: expliqueille o meu posicionamento señora concelleira, nada mais.... xa está.

Sra. voceira: non lle pregunto nada mais, so quero dicirlle unha frase, pero vostede sabe que se non fala neste pleno e non o explica, isto non queda gravado, non vai a unha acta, non é público. O que vostede di nunha Comisión informativa non é público, os veciños, os nosos cidadáns non saben o que vostede di nunha Comisión informativa....

Sra. alcaldesa: señora concelleira, nada mais, vostede explicou o seu argumentario e nós explicamos o noso sen querer entrar mais aló, punto....., e deixamos clara e contundente cal é a nosa postura, ese é o tema, nada mais.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: brevemente, as palabras, as palabras claro que son moi importantes, en concreto unha, que recalcou a señora alcaldesa, que é a *incondicional*, palabra *incondicional*. Nós como Grupo non damos apoio incondicionais a ninguén, é dicir, poñamos un exemplo..., un exemplo collido con pinzas, imaxinemos....., se o policía aquí presente recibe a orde de irromper na Sala e empezar a bourar no público, nós non estaremos de acordo con esa medida, con esa instrución política que ten decidido e que el, como traballador, en boa lid ten que executar. Isto non é unha crítica ao traballador, pero si á directriz política recibida, de acordo?

Polo tanto os apoios incondicionais non existen dende o noso punto de vista. En segundo lugar, dito isto, Anova dende logo condena calquera tipo de violencia, proveña de onde proveña, veña de onde veña e non xustificamos baixo ningún concepto ningún tipo de violencia.

En canto á moción?, pois non a imos apoiar porque non estamos de acordo cos termos en xeral de case toda a moción, case todo efectivamente, o resto son moi discutibles, ou parécenos moi discutibles dende o noso punto de vista. O noso voto vai ser desfavorable

Sr. voceiro do PP: respecto ao exemplo que puxo o concelleiro de Anova, que facía fincapé en directrices políticas dando a entender que os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado móvense por directrices políticas, as actuacións que se rexistraron en Cataluña durante este tempo atrás están en base a directrices do xuíces e dos fiscais, pero en ningún caso en base a directrices políticas.

Sr. voceiro de Anova: cada vez é mais cuestionable a separación de poderes no Estado, cada vez é mais cuestionable, déixoo aí....

Sr. voceiro do PP: e logo, porque?

Sr. voceiro de Anova: polo que acabo de dicir, é moi cuestionable a separación de poderes no Estado, o legislativo, o xudicial..., ou sexa, neste caso o executivo do xudicial; entenda vostede o que estime oportuno.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) abstencións; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos en contra; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor, concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total cinco (5) votos a favor, dous (2) en contra e cinco (5) abstencións.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

8. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas desde o 25 de setembro ao 20 de outubro de 2017, ámbolos dous incluídos, numerados do 898/2017 ao 995/2017. O Pleno queda enterado.

9. ASUNTOS URXENTES.

A Sra. alcaldesa, no cumprimento do disposto do artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de Rogos e Preguntas.

Non se presentan.

10. ROGOS E PREGUNTAS.

En primeiro lugar o Sr. voceiro do Partido Popular, da lectura aos rogos e preguntas que presentaron por Rexistro o día 25 de outubro, co núm. de entrada 7579, son as seguintes:

-En Obra de Paño, onde se cruzan as estradas D.P 0812 e D.P 0803, falta sinalización que indique o lugar ao que van as estradas.

Sra. alcaldesa: pois tomamos nota e no próximo plan que fagamos de sinalización, procuraremos lembrarnos.

-Pista deportiva de Fiobre, a verxa ten diferentes buratos por onde se meten os nenos e supón un perigo dada a proximidade da estrada.

Sra. alcaldesa: si, aí temos previsto xa non o amaño, senón cambiar e facer unha remodelación total, pero xa será para o vindeiro 2018; ben sexa a través dos orzamentos ou ben a través de suplemento, pero será para o ano que ven.

-O lavadero de Fiobre precisa que se amañe, e así o habían prometido. Cando está previsto que se amañe?

Sra. alcaldesa: a ver si na próxima primaveira.

-Na estrada que vai dende o monasterio hacia Bergondiño, hay seguidas tres arquetas que están por encima do nivel da estrada, e ocasiona danos nos vehículos dos veciños da zona.

Sra. alcaldesa: ese camiño é un dos que se incluíu no seu día no proxecto de asfaltado en aglomerados, e que se acaba de contratar, xa se asinou o contrato e polo tanto é dos que se vai proceder a asfaltar; de feito xa empezaron as obras, pois proximamente, xa digo.

-Na Pedrosa limpeza da cuneta que recolle as augas dende A senra porque está atascada e cando cheguen as chuvias, convertese nun lodazal.

Sra. alcaldesa: é un dos camiños que temos incluídos agora na limpeza de cunetas, un contrato menor que acabamos tamén de adjudicar, e vamos decidindo os camiños que teñen esa necesidade e efectivamente observamos que o camiño da Pedrosa así o require.

-Chegáronnos queixas de veciños aos cales a Policía local failles firmar un documento a aqueles que non se queren enganchar ao alcantarillado. Cal é o contido dese documento que teñen que firmar?

Sra. alcaldesa: isto é unha distorsión total da realidade; o que fai a policía é facer unha notificación, como a vostede cando lle notifica a convocatoria dun pleno vostede asina o *recibí*, e iso é o que lle están asinando á policía local.

Son notificacións que se fixeron en man porque non había datos para poder enviar por correo, e se facían ás primeiras vivendas que entendemos teñen a obriga de conectarse, non a aquelas que non quixeran conectarse, de feito se fixo esas notificacións a vivendas que entendemos que se teñen que conectar porque están nas distancias que así o obrigan, e ademais porque eran camiños que se van asfaltar agora; algunhas delas presentaron alegacións porque ao mellor non están de acordo con esa interpretación e terá que verse, pero non é ningunha outra cuestión.

E o documento pois é o documento tipo, onde se lles establece a comunicación de obriga á conexión á rede de sumidoiros, lembrese os artigos da Lei 2/2016 da que falamos, e igualmente o Regulamento do servizo de Augas de Galicia, polo tanto non é nada mais que información oficial na que se lles fai constar esa obrigatoriedade.

-Estado do inventario de Camiños e bens, dado que se vai a ter en conta no PXOM.

Sra. alcaldesa: agora xa está a piques de rematar, solicitáronos unha última prórroga, precisamente estes días nos presentaron unha documentación que temos que tamén revisar, de todos modos lle quedan aínda uns meses para que estea aprobado definitivamente, de feito non veu nin sequera a aprobación aquí ao pleno.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

-En qué punto está a RPT?

Sra. alcaldesa: pois creo que estamos xa a piques de finalizar a negociación e esperemos ter rematado antes de finalizar o ano.

-Para cando está prevista levar a cabo a modificación das Normas subsidiarias e tráelas ao Pleno? Hai previsión de facelo?

Sra. alcaldesa: si claro que hai previsión, porque senón non o teriamos encargado e non o teriamos falado no seu día aquí na Comisión oportuna; terán que vir a pleno cando o expediente estea completo, e estará completo cando aparte do texto desas modificacións pois se acompañen os informes correspondentes dos técnicos municipais e as autorizacións que sexan obrigatorias para continuar co expediente.

-Vaise cubrir a praza de Policía local, que non está cuberta? E vaise aumentar a plantilla da Policía local agora que se acercan os presupostos? .

Sra. alcaldesa: si, a praza que está sen cubrir se vai a convocar e contamos tamén antes de que remate o ano, non é orzamento exactamente o que propón unha modificación ou un incremento de plantilla, en todo caso se tería que ser a RPT, e sinceramente coa dotación desa praza non está nas previsión precisamente facer un incremento a maiores.

Seguidamente a Sra. voceira de Veciños de Bergondo, da lectura aos rogos e preguntas que presentaron por Rexistro o día 25 de outubro, co núm. de entrada 7580, son as seguintes:

1.-Hace más de un mes que les solicitamos que instaran a Fomento para que procediera a pintar adecuadamente el tramo de N-VI que va desde el comienzo de Espíritu Santo (a la altura de Las Ballestas) hasta el cruce con la carretera de Ferrol; este tramo se halla totalmente borrado, teniendo que intuir los conductores por dónde circular, problema que se agudiza por las noches y cuando llueve.

¿Han gestionado esta petición?, ¿Si es así, les han dado respuesta? ¿Cuál ha sido?

Sra. alcaldesa: si, xa lle contesto ás seguintes, aínda non tivemos resposta, como adoita ser habitual, a dotación orzamentaria adoita ser bastantes xusta para o tema de mantemento nas estradas, e nós temos solicitado non soamente aí, senón unha vez mais en Cortiñán que se fagan medidas provisionais mentres non se acometa a remodelación total, tanto en Cortiñán como en Guísamo. Hai unha falta de mantemento, é obvia.

Sra. voceira: pero esta é especialmente perigosa, ínstolle a que o comprobe persoalmente.

Sra. alcaldesa: si, si, o temos comprobado persoalmente de noite, porque é algo que pode ver calquera.

Sra. voceira: entón poden reiteralo.

Sra. alcaldesa: claro.

Sra. voceira: igual á forza de insistir o logramos.

Sra. alcaldesa: si, pero se non hai cartos por moito que insistamos xa lles digo que non, pero nós insistiremos igual.

II.-En qué estado se encuentran los expedientes de los Clubs de alterne a los que se les concedió Licencia municipal de carpintería?.

Sra. alcaldesa: aos clubs de alterne ningunha licenza municipal de carpintería, un club que actualmente é de alterne, no seu día era unha carpintería, e polo tanto si tivo unha licenza de carpintería o que era unha carpintería, polo tanto, non se lle concedeu unha licenza de carpintería a un club posterior, hai unha diferenza de matiz importante....

Sra. voceira: ben..., temos un club de alterne cunha licenza de carpintería, o resultado é o mesmo

Sra. alcaldesa: pero non é a pregunta que vostede fai, vostede o que di é que se lle concedeu unha licenza municipal de carpintería a un club de alterne, e iso é mentira.

Sra. voceira: claro, tería porque preguntarlle porque non se lle pediu ao club de alterne que pida unha licenza adecuada á súa actividade

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

Sra. alcaldesa: efectivamente, iso si sería. Hai aínda pendente un recurso de casación o vinte e cinco de setembro, e aínda estamos á espera, referente á empresa Continental La Fontana ..

Sra. voceira: ou sexa, que foron ao Supremo?

Sra. alcaldesa: varias veces señora concelleira, como noutras ocasións seguramente llo van a desestimar ou ao mellor nin sequera llo admiten a trámite, pero en todo caso haberá que esperar.

En relación ao Olimpo, esta tamén gañado en primeira instancia, apelado o oito de marzo de 2017, pero aínda non hai sentenza e polo tanto hai que seguir esperando. Polo tanto seguimos sen novidades.

III.- ¿Se está tomando alguna medida para actuar contundentemente con las fincas y montes llenos de maleza con la finalidad de evitar incendios? Además de las cartas, ¿se ha llegado a sancionar a algún propietario que no cumple con los requerimientos? ¿A cuántos se ha sancionado? Una vez impuesta la sanción, ¿han procedido a limpiar las fincas?

Sra. alcaldesa: sancións por limpeza de fincas, efectivas non hai, hai expediente incoados. Pero aquí o que temos que lembrar é que a nosa competencia é exclusivamente en urbano é en núcleo, e o noventa por cento dos expedientes que están no concello refírense ao rústico, están remitidos á Xunta que é quen ten a competencia sancionadora neste caso.

Sra. voceira: de todos modos urbano e núcleo tamén temos algunha finca próxima ás vivendas que....

Sra. alcaldesa: si, xa digo, hai algún que ten xa incoado expediente.

Sra. voceira: pero non hai sancións?

Sra. alcaldesa: non, aínda non.

IV.- En concreto el monte de Santa Marta está sin limpiar a pesar de existir un aval cercano a los 5.000 euros. ¿Se ha devuelto ese aval sin exigirles la limpieza del monte?

Sra. voceira: despois de facer a pregunta consulte e parece que xa non existe ese aval próximo aos cinco mil euros para responder dos danos da tala, pregunto se se lles devolveu o aval sen esixirles que o monte quedara en debidas condicións de limpeza.

Sra. alcaldesa: había dous avais, había un de cinco mil euros e outro de tres mil seiscientos euros, por empresas diferentes; o de cinco mil euros devolveuse cos informes positivos e que xa estaba amañado o camiño e entendemos que o monte, e o de tres mil seiscientos está sen devolver, unha porque non solicitou a devolución dese aval, e outra porque ao día de hoxe aínda que estivera solicitado non cumpriría realmente coas condicións para poder devolverse.

Sra. concelleira de VB, Alicia Souto: eu ou moi mal vexo ou ese monte non foi limpadado despois de cortar a madeira.

Sra. alcaldesa: e que xa lle digo, que hai un aval que aínda non se devolveu e non se podería devolver, hai unha parte do aval que non se devolveu; son dúas empresas distintas, a unha si que se lle devolver e a outra non.

Sra. concelleira: vale

V.- ¿Se está haciendo mantenimiento de las luminarias del alumbrado público? Vemos algunas sucias o tapadas por la vegetación (ramas de árboles) ¿Cada cuánto tiempo se revisan?

Sra. voceira: se é que hai un planning...

Sra. alcaldesa: precisamente ese traballo formará parte do contrato de mantemento; vostede saben perfectamente que non hai contrato de mantemento ao día de hoxe, o que hai é facturas por avarías puntuais, que é o que se está a facer no día de hoxe; aínda así, puntualmente nunha situación dunha ramaxe extrema e demais... si que se fai. De todas formas será unha cuestión das que se contemplan no Prego que está a piques de licitarse.

Sra. voceira: é dicir, que cando haxa unha situación moi concreta, o que temos que facer é chamar a atencións dos servizos municipais e se vai atender polo persoal municipal.

Sra. alcaldesa: depende, porque si estamos falando ao mellor dunha árbore dun particular, o que lle facemos en moitos casos é requirirlllo ao propietario que ten que facer un corte de árbores que están sobresaíndo á vía pública, que en moitos casos se dá; igual que se dá para o paso de autobuses escolares, ou de camiións do lixo, etcétera.

Sra. voceira: teño unha última pregunta, porque é unha cuestión que xurdiu agora e que se refire a cantos policía locais temos agora mesmo en activo, dos que poida dispoñer o concello, e cantos temos de baixa, porque botamos moito de menos á plantilla.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

Sra. alcaldesa: so hai unha persoa que está de baixa.

Sra. voceira: so hai unha persoa?

Sra. alcaldesa: si

Sra. voceira: unha axente?

Sra. alcaldesa: si

Sra. voceira: os demais están todos en activo, traballando?

Sra. alcaldesa: si, si

Sra. voceira: temos tres?

Sra. alcaldesa: si, algúns están de vacacións, outros están...., ao mellor vostedes non os ven..., días de permiso ou que sexa, pero si. Hai unha persoa que está de vacacións esta semana, pero están os tres en activo.

Sra. voceira: é que se nota cando hai menos axentes.

Sra. alcaldesa: claro que se nota, e de aquí a finais de ano claro que se vai notar, evidentemente, cunha persoa que está de baixa, que leva meses de baixa, claro que se vai notar.

Sra. voceira: pídesse a gritos cubrir esa...., esa RPT e dotar esa praza.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e cincuenta e un minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A secretaria

Ana M.^a Cacharrón Castelos

V. e Pr.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez